

***ELABORACIÓN DUN CORPUS MULTILINGÜE PARA A ANÁLISE DE VERBOS EN ABSTRACTS:
ESPAÑOL, GALEGO E PORTUGUÉS***

MARÍA VIANA ROZAS

Universidad del País Vasco

O presente traballo ten como obxectivo a presentación dunha metodoloxía empírica elaborada para realizar estudos contrastivos multilingües (español, galego, portugués) centrados en determinados lexemas verbais e o seu uso no tipo de texto “Abstract” en contextos científicos do ámbito das Ciencias das Humanidades. O punto de partida son as seguintes preguntas de investigación:

- (1) Cales son os verbos frecuentes nos “Abstracts”?
- (2) Cales son as converxencias e diverxencias intralinguais?

Para as posibles respostas, a metodoloxía empírica elaborada enlaza con dous obxectivos específicos:

- (i) elaborar un corpus comparable multilingüe para estudos contrastivos (Čermáková et al., 2021),
- (ii) realizar análises contrastivos baseados en datos empíricos (Rodríguez, 2022).

A relevancia radica en proporcionar información sobre o uso de determinados verbos para mellorar a redacción de “Abstracts” en idiomas que non sexan a lingua materna. Este traballo é parte do meu TFM, que abarca máis linguas, e a súa metodoloxía é aplicable a outras linguas e tipoloxías textuais.

O corpus multilingüe (español, galego, portugués) compilouse de artigos en revistas especializadas en filoloxía, lingüística e estudo de linguas. Identifícanse os cinco verbos máis repetidos en cada idioma e realízase unha análise detallada nos niveis semántico, semántico-sintáctico, morfosintáctico e discursivo, usando Framenet (Fillmore & Baker, 2010) e dicionarios seleccionados.

Os resultados mellorarán as recomendacións para a redacción de resumos ao identificar os verbos máis empregados en cada idioma e poderán alimentar ferramentas electrónicas multilingües como CombiDigiLex (CombiDigiLex, s. f.), que ofrece información combinatoria útil para a aprendizaxe e a produción de textos en L2.

Referencias bibliográficas

Čermáková, A., Jantunen, J., Jauhiainen, T., Kirk, J., Křen, M., Kupietz, M. & Dhonnchadha, E. U. (2021). The International Comparable Corpus: Challenges in building multilingual spoken and written comparable corpora. *Research in Corpus Linguistics*, 9(1), 89-103. <https://doi.org/10.32714/ricl.09.01.06>

CombiDigiLex. (s. f.). <https://combidigilex.usc.gal/#>

Fillmore, C.J. & Baker, C.F. (2001). *Frame semantics for text understanding*. <https://course.ccs.neu.edu/csg224/resources/framenet/framenet.pdf>

Rodríguez I Alvarez, M. (2022). *Analysing specialized use of verbs: the case of some Catalan trajectory verbs in the sport domain*. Universidad Del País Vasco. https://www.google.com/url?sa=t&source=web&rct=j&opi=89978449&url=https://addi.ehu.es/handle/10810/61812&ved=2ahUKEwjS--rA5c6GAXXxgIHHfWFAEYQFnoECBAQAQ&usq=AOvVaw27LnKTe2_M3xnCBkqbQ5_8